



## **II TROFEO + DEPORTE LA REGIÓN DE ATLETISMO EN PISTA CUBERTA**

### **REGULAMENTO**

#### **Artigo 1. ORGANIZACIÓN**

Asociación Deportiva Atlética do Sil, Asociación Deportiva Limiactiva, Club Deportivo Aurum, Club Deportivo La Purísima, Club Ourense Atletismo e a Escola de Atletismo Ben Cho Shey, coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organizan o II Trofeo + Deporte La Región de Atletismo en Pista Cuberta, que se celebrará o domingo 7 de marzo de 2021 ás 10:00 h., na Pista de Atletismo Cuberta de Ourense.

#### **Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO PROVISIONAL**

Ver ANEXO I

Lonxitude – Peso: 3 intentos.

#### **Probas S8 de promoción, non se tomarán marcas, nin haberá clasificación.**

Coa relación de atletas admitidos/as publicarase o horario definitivo.

#### **Artigo 3. PARTICIPANTES**

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.

#### **Artigo 4. INSCRICIÓN**

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata as 20:00 h. do martes 2 de marzo de 2021. Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca para ser encadrados/as nas series.

Naquelas probas onde se supere o número máximo de participantes, terán garantida a súa inscrición os/as atletas pertencentes aos clubs organizadores.

Se os clubs organizadores superaran o número máximo de participantes nunha ou varias probas, admitiranse os/as atletas que acrediten mellor marca, garantindo que todos os clubs organizadores podan ter representación de 2 atletas (1 en concursos), independentemente da súa marca.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase a relación de atletas admitidos/as.





## **Artigo 5. ACCESO ATLETAS E RECOLLIDA DE DORSAIS**

Os/as atletas poderán acceder á instalación desde 1 hora antes da súa proba e unha vez finalizada a súa participación deberán abandonar a instalación o antes posible.

Os/as Delegados/as de cada club recollerán os dorsais na Secretaría de Competición.

É obrigatorio entregar na Cámara de Chamadas a folla de Declaración Responsable, dispoñible na web atletismo.gal, debidamente cumprimentada e asinada.

## **Artigo 6. ACCESO DELEGADOS/AS E ADESTRADORES/AS**

O acceso á instalación estará controlado e limitado.

Publicarase un formulario na web atletismo.gal para a solicitude de acceso dos/as delegados/as dos clubs e/ou adestradores/as, unha vez publicado o horario definitivo.

Poderán establecerse quendas para o acceso a instalación.

## **Artigo 7. CÁMARA DE CHAMADAS**

Todos/as os/as participantes deberán pasar por Cámara de Chamadas.

Protocolo de Cámara de Chamadas

CÁMARA DE CHAMADAS	APERTURA	PECHE
CARREIRAS	20' antes da proba	10' antes da proba
CONCURSOS	30' antes da proba	20' antes da proba

## **Artigo 8. NORMATIVA**

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

## **Artigo 9. PROTOCOLO ANTI COVID-19**

A competición desenvolverase seguindo o Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo en vigor.

Estableceranse medidas de actuación Anti COVID-19 específicas para esta competición e instalación. Ver documento anexo.